

NARRATIVA

Conto andaluz en galego

JESÚS DE LA CUESTA

(**A** ndalucía traducida: unha oliveira e un serán encalado, unha parede na que o sol chora sombra e unha figueira que zumega flores).

E a historia é así: atardecía mentres eu camiñaba por entre as oliveiras. Dunha man levaba á miña sobriña de lazos rosas. Doutra os vidros recollidos. O vento trataba en van de desenvolver as marañas das árbores e alonxábase rapidamente entre as fileiras de xirasoles. Agacheime, sentei e namoreime un momento dunha nube que semellaba mirarme. Mais de seguida desapareceu como unha pompa de xabón no magma de industriais. O tiroteo dos ceos precedeu á choiva.